

## III Capítulo de Distrito

# Oración comunitaria

Feria

**Santísimo Nombre de Jesús (ML)**

*1 Juan 2, 29-3,6; Juan 1, 29-34*

★ H. José Antonio Warletta García (1945) *Dos Hermanas*

✠ H. Jesús Borràs Coca, *Barcelona. Sant Gervasi*

✠ D. Manel Chao Serra, *Asociado, Barcelona. Comtal*

✠ H. Jesús Linares García, *Cambrils*

✠ H. Jesús Morer Munt, *Cambrils*

✠ H. Jesús Tó Tubau, *Barcelona. Comtal*

*III Capítulo de Distrito, en Liria (1.ª sesión)*

VIERNES

**3**

### 🎵 CANCIÓN DE ENTRADA: 357. De Cantigas

1. En Ti vivo eu, Señor, en Ti a verdade está, o camiño seguirei por onde irei acadar a paz.  
A luz que me vén da fe as sombras me disipou, quero chegar onda Ti para poder encontrar amor.

*Señor, Señor, Ti es a miña salvación, no teu colo, meu Señor, eu busco a paz e o amor (2) .*

2. En ti teño fe, Señor, e coido vivir así:  
a palabra me guiou e sei que ti vivirás en min.  
Á casa do mesmo pai ós fillos lles preparou  
sei que ti me levarás e alí terei paz e mais amor.

*Señor...*

### 🗨️ A BELEZA DA TRAMA (Humberto Pegoraro)

Canto máis fíos se trenzan,  
máis fermoso é o deseño,  
reflectindo as cores que pintan o universo.  
A beleza da trama vénlle do complexo.

Require moita paciencia facer un tecido novo.  
Hai que poñerlle coraxe,  
bordar gozo e sufrimento  
coa forza das túas mans,  
os latexos do teu peito.

**Hai que inaugurar obradoiros  
onde viva o diverso,  
refuxios da esperanza, lugares de  
nacemento,**

**onde ninguén quede  
fóra da festa e do encontro.**

Remedemos os rachadelas  
que nos vai deixando o tempo.  
É hora de ir anoando e xuntarse no intento  
desatando aqueles nós que nos foron  
sometendo.

Non hai tarefa máis urxente,  
que tecer xunto ao meu pobo  
as redes da xustiza que nos vaian sostendo,  
trazando a utopía cos fíos dos seus soños.

↪ **O TAPIZ DOS SEUS SOÑOS (Florentino Ulibarri)**

*Antífona: Mirade que amor nos ha ter o Pai ao chamarnos Fillos de Deus.*

**Z 35 - MIRAD QUÉ AMOR**

Ti reveláchesnos, Xesús,  
que para facer o tapiz  
do querer do Pai  
temos que entretecer  
os fíos presentes na reacción  
cos que xorden na vida cotiá  
aínda que parezan rústicos e sen graza;  
que no proxecto temos que mesturar  
fíos de todas as cores  
poñendo na tarefa todo o noso ser  
-alma, mente e corazón-.  
Só así quererlle será gozo e ben.

E se a alma se nos volve erma,  
ou se a nosa mente perde a súa agudeza,  
ou se o corazón se nos torce ou desvaría,  
porque no camiño hai outras cousas  
que lle fan competencia,  
outros señores en guerra viva,  
aínda prazas da súa pertenza  
ti dixéchesnos, moitas veces  
ao longo da vida,  
que El só quere persoas libres e enteiras.  
Só así quererlle será gozo e ben.



Amar a Deus é o primeiro e principal;  
pero para que isto florezca e sexa  
á intemperie e nas catro estacións  
necesita expresarse no amor ao próximo,  
ao que temos que querer, sexa como sexa,  
como nos queremos a nós mesmos.  
Por iso, quen non sabe amarse  
non pode amar os seus semellantes  
nin facer o querer de Deus Pai.

Só así quererlle será gozo e ben.  
Amar a Deus e amar aos demais:  
non hai máis, con relixión ou sen ela.  
Aquí queda dita toda a boa noticia  
para os que preguntan ou calan  
-fariseos, sacerdotes e sabios  
ou pertencentes ao pobo chan-  
aquí condénsase e resplandece  
toda a Biblia a Lei e os Profetas.  
díganlo ou non as igrexas.  
Só así quererlle será gozo e ben.

Pero nós seguimos tecendo,  
con outros fíos e modelos,  
pensando que facemos algo fermoso  
-o tapiz dos seus soños-  
cando o que facemos son redes  
que nos reteñen e aprisionan  
e non nos deixan ser libres.

### **Lectura da Primeira Carta de san Xoán 2,29-3,6**

Queridos irmáns: Se sabedes que el é xusto, recoñecede que todo o que obra a xustiza naceu del. Mirade que amor nos ha ter o Pai para chamarnos fillos de Deus, pois sómolo!

O mundo non nos coñece porque non o coñeceu a el. Queridos, agora somos fillos de Deus e aínda non se manifestou o que seremos. Sabemos que, cando se manifeste, seremos semellantes a el, porque lle veremos tal cal é.

Todo o que ten esperanza nel se purifica a si mesmo, como el é puro. Todo o que comete pecado quebranta tamén a lei, pois o pecado é quebrantamento da lei. E sabedes que el se manifestou para quitar os pecados e nel non hai pecado. Todo o que permanece nel, non peca. Todo o que peca, non o ten visto nin o ten coñecido.



### **Comentario**

Dirixíndose aos discípulos, Xoán exhórtaos a actuar na xustiza, é dicir, a vivir permanecendo no amor de Deus. A xustiza de Deus é o amor, porque Deus mesmo é amor. O apóstolo pode afirmar que “todo o que obra a xustiza naceu del”. O amor “o ágape” é a esencia da vida cristiá, porque é a esencia mesma de Deus. Quen vive no amor vén de Deus, é fillo de Deus. No prólogo do cuarto Evanxeo lese: “Pero a todos os que a recibiron deulles poder de facerse fillos de Deus, aos que cren no seu nome; os cales non naceron de sangue, nin de desexo de carne, nin de desexo de home senón que naceron de Deus” (Xn 1, 12-13). Os crentes son fillos de Deus non de palabra senón na realidade se, obviamente, permanecen vinculados a Xesús, o Fillo unixénito. Xoán sabe ben que nos atopamos no corazón do misterio de Deus e exhorta a contemplar a súa esencia: “Mirade que amor nos ha ter o Pai para chamarnos fillos de Deus, pois sómolo!” O amor de Deus, que salva do pecado e da morte, fai aos cristiáns “incomprensibles” para a mentalidade deste mundo. En efecto, hai unha ineludible dimensión de estrañeza do Evanxeo á mentalidade do mundo que require dos discípulos un testemuño heroico. De feito, na historia da Igrexa nunca faltaron cristiáns que deron testemuño do heroísmo do amor ata derramar o seu sangue. Pero chegará o tempo en que a vitoria do amor será evidente, imponse, e os cristiáns, que agora ven como nun espello, verán o rostro do Señor “cara a cara”, como di Paulo aos corintios (1 Cor 13,12).

Vincenzo PAGLIA, *La Palabra de Dios de cada día*, Sant’Egidio, p. 48-49

## PRECES: GRAZAS POR DARNOS A XESÚS

Hoxe ofrecemos ao Señor o noso compromiso para vivir o Capítulo de Distrito co noso mellor ánimo, contentos pola vinda de Xesús, á vez que lle presentamos as nosas necesidades para que as bendiga. Dicímoslle: **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**

- Por todas aquelas persoas ás que non se lles alegra o corazón, porque non deixan que ti, Deus, nazas nos seus adentros. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**
- Porque a túa presenza nos axudas a desfacer as nosas desigualdades e inxustizas e incítanos a que loitemos por logralo. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**
- Pola nosa Igrexa, para que saiba mostrar e contaxiar a experiencia de vivir habitados por Ti. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**
- Para que todos os Irmáns e Lasalianos, iluminados por Ti, cooperemos no discernimento durante o III Capítulo, para poidamos ser luz do mundo mediante a misión lasaliana. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**
- Polas nosas comunidades e familias, para que permanezan unidas, vivan en paz durante este ano novo e se manteñan comprometidas co anuncio da Boa Nova. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**
- Polo Irmán José Antonio Warletta, no día do seu aniversario, e por todos os lasalianos que levan o “santísimo nome de Xesús” e celebran hoxe a súa onomástica. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**
- E por todas as mulleres, homes e nenos do planeta, para que descubran que a verdadeira felicidade non está no ter, senón no ser conforme á dignidade que nos concedes como Fillos de Deus. **GRAZAS POR DARNOS A XESÚS.**

## NOSO PAI

### ★ ORACIÓN POLO CAPÍTULO DISTRITAL

Querido Pai e Nai Deus.

Dámosche grazas por pronunciar o nome de cada un de nós para formar parte dos teus seguidores, dos convocados á túa Igrexa, dentro da Familia Lasaliana.

Ás portas deste encontro da Comunidade Distrital, poñemos nas túas mans o noso itinerario vocacional e apostólico, as nosas certezas e os nosos cansazos, co convencemento de que o futuro e a grandeza do noso proxecto de vida está en Ti.

Axúdanos a actualizar o soño de san Xoán Bautista de La Salle para que a nosa vida se centre en Xesús,

para que a nosa vida relixiosa atope carreiros novos polos que camiñar buscando o teu rostro, xunto aos nosos irmáns e irmás, nunha mesma Misión, entre os máis pequenos e os pobres.

Envíanos, Señor, o teu Espírito para que alente a nosa esperanza e robusteza a confianza en ti. E, bendícenos, para que sexamos pequenas lámpadas acesas no medio do mundo.

Ilumina os Irmáns Capitulares para que, coa forza do teu Espírito, sexan capaces de contaxiar a alegría e a esperanza á que Xesús nos chama.

Nas túas mans poñemos o noso III Capítulo Distrital ARLEP. Amén.